

RUTA 3: DA MINA DA TOCA



A ruta comeza en Seoane do Caurel, na metade do pobo subindo por unha pista de asfalto á dereita que leva a Piñeira. Ós poucos metros atópase a Igrexa de Seoane e continúaase ascendendo de forma suave ata chegar a aldea de Piñeira que está a un quilómetro e medio de distancia. Chégase a Piñeira do Caurel e a ruta prosigue pola parte alta da aldea e pasa ó carón da capela de San Vicente, de arquitectura sinxela e composta

dunha escalinata e un pórtico de entrada exterior. Continúaase polo sendeiro en dirección á Mina da Toca. No camiño atópase unha alvariza ó pé da ruta que é unha construción circular de pizarra que ten como finalidade protexer as colmeas de mel do ataque dos animais, máis concretamente dos osos.

Séguese ascendendo polo sendeiro que bordea a montaña ata chegar á Mina da Toca que é a meirande mina aurífera do Caurel explotada polos romanos con técnicas como a de "ruína montium" que consistía en escavar a montaña a ceo aberto empregando a auga para arrastrar e lavar o material.

A mina ten un corte na ladeira da montaña de gran profundidade e dende o seu punto máis alto pódese desfrutar das vistas de aldeas como Vilela ou Mostaz, do río Lor e en frente da Mina de Toribio Oeste. Logo de avanzar uns metros bordeando a montaña atópase un pequeno desvío á dereita que conduce ó interior da mina colonizada agora por matos.



Retómase o sendeiro principal e continúaase por unha pista de terra pasando ó carón dunha explanada que funciona como aparcadoiro.



Ós 200 metros déixase un piñeiral a man dereita e descéndese por un camiño a man esquerda ata dar cun depósito de auga que indica o camiño a seguir en dirección a Esperante.



A ruta volve pasar por Piñeira, xusto despois de atravesar un souto e continúa por unha pista de asfalto ata chegar á estrada principal que hai que cruzar para coller un camiño de carro en pendente que permite ver ó lonxe a Igrexa de Esperante. Crúzase a estrada novamente e a ponte que está ó carón do Acampamento O Caurel. Séguese pola parte baixa do camping e pola beira do río. Uns metros máis adiante



atópase a Igrexa de San Pedro de Esperante que é de planta rectangular e que garda no seu interior unha talla do santo. Ascéndese polo camiño estreito ata chegar ó alto da pequena aldea de Esperante e tómase o desvío a man dereita para ascender novamente polo souto en dirección á Ferrería Nova.

LEENDA	
	Inicio
	Dirección
	Aldea
	Igrexa
	Camping
	Mina
	Ponte
	Río
	Reboleira
	Souto
	Sobreira
	Aciñeiral

Ós 500 metros xa se pode ver ao lonxe Seoane do Caurel. Unha vez na Ferrería Nova, crúzase a ponte e atópase a Ferrería Locay, auténtica mostra da cultura popular na que destaca a torre do banzado duns 10 metros de altura. A ruta continúa en ascenso pola pista ancha de asfalto uns 600 metros aproximadamente ata chegar de novo a Seoane onde remata a ruta.



Ruta da Mina da Toca